

## **Programa da proba selectiva para o ingreso na categoría de Facultativo/a especialista de área, na especialidade de Análises Clínicas**

### **Parte común.**

Tema 1. A Constitución española: Principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na constitución.

Tema 2. Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu Presidente. A Administración oública galega.

Tema 3. A Lei Xeral de Sanidade: fundamentos e características. Competencias das Administracións Públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.

Tema 4. A Lei de saúde de Galicia: o sistema público de saúde de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde. A súa estrutura organizativa: disposicións que a regulan.

Tema 5. O Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde: clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Retribucións. Xornada de traballo. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 6. O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde: réxime de provisión e selección de prazas.

Tema 7. Normativa vixente sobre protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: disposicións xerais; principios de protección de datos; dereitos das persoas. A Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.

Tema 8. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: capítulos I, II, III e V. Principais riscos e medidas de prevención nas IISS. Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Lexislación sobre igualdade de mulleres e homes: a súa aplicación nos distintos ámbitos da función pública.

### **Parte específica.**

1. Técnicas analíticas e instrumentación. Espectrofotometría e fotometría. Electroquímica. Electroforese. Cromatografía. Espectrometría de masas. Osmometría. Contadores de escintileo.

2. Bioestatística. Conceptos estatísticos. Intervalos de referencia. Eficacia diagnóstica. Selección e avaliación de métodos.

3. Garantía de calidade do laboratorio clínico. Control de calidade.

4. Avaliación da función renal. Fisioloxía renal. Probas de laboratorio e patróns analíticos de enfermidades renais.



5. Urianálise. Formación de ouriños. Compoñentes da análise de ouriños. Exame do sedimento. Métodos de análise dos ouriños.

6. Equilibrio hidroelectrolítico. Fisioloxía normal. Potasio: impo e hiperpotasemias. Sodio: impo e hipernatremias. Outras alteracións hidroelectrolíticas.

7. Estudo dos gases sanguíneos e do balance ácido-base. Definicións, equilibrio ácido-base. Avaliación da homeostase ácido-base. Oxíxeno e intercambio de gases. Determinacións analíticas.

8. Avaliación do metabolismo dos glúcidos. Funcións normais do páncreas endócrino. Diabetes mellitus: clasificación, fisiopatoloxía e criterios diagnósticos. Hipoglicemia. Papel do laboratorio no diagnóstico e seguimento de pacientes con alteracións metabólicas da glicosa.

9. Avaliación da función endócrina. Hipófise. Tiroide. Glándula suprarrenal. Eixe renina-aldosterona. Gonadotropinas e hormonas sexuais.

10. Laboratorio de androloxía e avaliación da fertilidade. Procedementos diagnósticos. Procedementos terapéuticos.



11. Estudo polo laboratorio do cancro. Neoplasia e regulación do crecemento. Aplicacións clínicas dos marcadores tumorais. Clasificación dos marcadores tumorais. Principais tipos de marcadores tumorais.

12. Estratexias para a utilización dos marcadores tumorais. Marcadores tumorais nos diferentes tipos de neoplasias.

13. Estudo polo laboratorio doutros líquidos biolóxicos: amniótico, cefalorraquídeo, pleural, pericárdico, ascítico, sinovial, saliva e suor.

14. Avaliación da función hepática. Función hepática normal. Principais hepatopatías. Avaliación da función hepática: bilirrubina, ácidos biliares, enzimas, proteínas totais, albumina, urea, outras probas.

15. Lípidos e lipoproteínas. Principais lípidos e lipoproteínas. Fisioloxía e metabolismo das lipoproteínas. Valores poboacionais. Principais alteracións. Análise de lípidos e lipoproteínas.

16. Proteínas plasmáticas. Características e funcións. Técnicas de separación. Métodos de análise.



17. Proteínas plasmáticas específicas. Proteinograma: patróns normais e patolóxicos.

18. Marcadores cardíacos. Diagnóstico de laboratorio do infarto agudo de miocardio. Marcadores de inflamación, coagulación e insuficiencia cardíaca.

19. Toxicoloxía. Técnicas básicas para a detección de drogas e fármacos en soro e ouriños. Drogas.

20. Monitorización do tratamento farmacolóxico. Principios xerais. Principais fármacos.

21. Visión xeral do sistema inmune e dos trastornos inmunolóxicos. Células linfoides. Células non linfoides. Factores humorais. Antíxenos de histocompatibilidade. Mecanismos de dano inmunolóxico. Aplicacións clínicas da análise inmunolóxica.

22. Enfermidades alérxicas. Mecanismos de hipersensibilidade inmediata. Avaliación do laboratorio das enfermidades alérxicas.

23. O sangue. Características xerais, métodos de extracción e anticoagulantes.

24. Métodos de recontos das células sanguíneas.

25. Reconto diferencial de leucocitos.

26. Métodos de laboratorio na avaliación das anemias.

27. Avaliación analítica da trombose e a hemostase.

28. Perspectiva de xénero. Saúde e xénero. Morbilidade diferenciada. Violencia de xénero: prevención, detección e actuación por parte dos/das profesionais do Servizo Galego de Saúde

**Nota:**

**Parte común:** Esta información procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 2 de xullo de 2025, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área (Diario Oficial de Galicia núm. 128 de 7 de xullo).

**Parte específica:** Esta información procede da publicada no anexo da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 24 de maio de 2007, pola que se lle dá publicidade ao dimensionamento do programa formativo das distintas especialidades para o proceso selectivo de persoal facultativo especialista de área do Servizo Galego de Saúde (Diario Oficial de Galicia núm. 103 de 30 de maio), agás o tema 28 engadido, que procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 2 de xullo de 2025, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas



especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área (Diario Oficial de Galicia núm. 128 de 7 de xullo).